



RESOLUCIÓN 1/2021 DE VIXILANCIA – ARQUITECTOS DE GALICIA

En Pleno:

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente.

D. Daniel Neira Barral, vogal/secretario.

Santiago de Compostela, a 31 de marzo de 2021

O Pleno da Comisión Galega da Competencia, (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Daniel Neira Barral, dita a presente **Resolución** en relación co expediente **VATC5/2016 ARQUITECTOS DE GALICIA**, cuxo obxecto é a vixilancia da Resolución de 26 de decembro de 2019 Resolución 9/2019, ARQUITECTOS DE GALICIA

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 19 de outubro de 2015, presentouse na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) escrito de denuncia (con referencia CNMC CNR GAL 25-28/15 ARQUITECTOS DE GALICIA) presentada no citado organismo por Construcciones Cesanvi, S.L, por presuntas prácticas prohibidas pola lexislación de competencia, consistentes na aprobación e publicación dun “baremo de mínimos do Colexio de Arquitectos de Galicia”. En particular, no citado escrito denunciábase que un membro do COAG presentara unha reclamación xudicial fronte ao denunciante reclamando o importe dos seus honorarios profesionais, calculados “conforme ao baremo de mínimos do Colexio de Arquitectos de Galicia”. Engade o denunciante que “devanditos orzamentos non foron asinados polos membros desta mercantil nin se coñecen, dado que non se contratou a aplicación dos citados baremos profesionais, á marxe de que non eran aplicables de maneira obrigatoria na data da contratación dos traballos (2009) e na actualidade”.



Segundo.- Como consecuencia da comunicación remitida pola CNMC tramitouse a asignación de competencia previsto no artigo 1 da Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, que determinou a competencia desta Comisión Galega da Competencia.

Terceiro.- A vista da denuncia a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia, de conformidade co disposto no artigo 49.2 LDC iniciou unha información reservada efectuando diversos requirimentos para obter a información que lle permitira esclarecer a veracidade dos feitos denunciados e a súa transcendencia xurídica. Con data 16 de xuño de 2016 a Subdirección de Investigación da CGC elevou o Pleno da CGC a súa proposta de non incoar expediente sancionador e de archivar as actuacións levadas a cabo, conforme o previsto no artigo 49.3 LDC.

Cuarto.- O pleno da CGC acordou o 10 de febreiro de 2017 devolver o expediente á Subdirección de Investigación ao obxecto de que realizase as actuacións que considerase necesarias co fin de descartar ou confirmar a existencia de indicios que permitisen incoar o expediente sancionador, de acordo co previsto no artigo 49 da LDC.

Quinto.- A Subdirección de Investigación despois de levar a cabo unha información reservada e de realizar as actuacións necesarias, acordou incoar, en data 5 de xuño de 2018, o expediente sancionador S 5/2016 ante a existencia de indicios racionais dunha posible conduta prohibida polo artigo 1 da LDC, consistente en manter a disposición dos colexiados un verdadeiro baremo de honorarios, o que foi notificado aos interesados en tempo e forma.

Sexto.- Con data 10 de decembro de 2018, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) presentou unha solicitude de inicio do procedemento de Terminación Convencional. Acordándose por a Subdirección de Investigación a suspensión do procedemento sancionador S 5/2018.

Sétimo.- En virtude da anterior solicitude e consonte ao disposto no artigo 52 LDC e do artigo 39 do RLDC, a Subdirección de Investigación da CGC acordou, o 18 de decembro de 2018, o inicio das actuacións tendentes a terminación convencional no procedemento sancionador S 5/2018 e suspendeu a instrución dos mesmos ata que conclúan as negociacións (art. 37.1.g) LDC e art. 12.1.c) RDC.

Oitavo.- A entidade requirida presentou, con data 9 de xullo, escrito de proposta de compromisos aprobada pola Xunta de Goberno do COAG na súa sesión 10/2019 de 4 de xullo. Desta proposta de compromisos, a Subdirección de Investigación deu traslado o 6 de setembro de 2019 a Dirección de Competencia da CNMC para que, no prazo de 15 días, presentaran alegacións. Dende a Dirección de Competencia da CNMC non se formularon alegacións durante ese prazo.

Noveno.- Con data 29 de novembro de 2019, a Subdirección de Investigación elevou a súa proposta de terminación convencional ao Pleno da Comisión Galega da Competencia, manifestando que, ao seu xuízo, os compromisos ofrecidos polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia eran suficientes para resolver os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente sancionador e para que quede garantido o interese público.

Decimo.- Con data 26 de decembro de 2019 o Pleno da Comisión Galega da Competencia ditou a súa Resolución 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA que na súa parte dispositiva e anexo resolve:

“Primeiro.- Declarar e aprobar a Terminación Convencional do Expediente sancionador S 5/2016, por considerar adecuados, suficientes e vinculantes os compromisos presentados pola denunciada Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) concretados no Anexo que acompaña esta Resolución, como parte integrante da mesma, e que eses compromisos asumidos resoven os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente y que con eles queda garantido suficientemente o interese público.”

Segundo.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e obrigado ao cumprimento puntual dos compromisos presentados e aprobados que conforman o Anexo. O seu incumprimento terá a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo co artigo 62.4.c) da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa a Competencia.

Terceiro.- Encomendar á Subdirección de Investigación a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, polo tanto, dos compromisos propostos e das obrigas impostas para o eficaz cumprimento daqueles.”



II.- ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO EXPEDIENTE DE VIXILANCIA E FEITOS ACREDITADOS NAS MESMAS.

Primeiro.- Con data 5 de febreiro de 2020, dona Elena Ampudia Aixendri, decana do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) emitiu certificado no que indicaba que

*“En cumprimento da **RESOLUCIÓN 9/2019 – DE 26 DE DECEMBRO DE 2019 (notificada o 9 de xaneiro de 2020), DO PLENO DA COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA POLA QUE SE DECLARA E APROBA A TERMINACIÓN CONVECCIONAL DO EXPEDIENTE S 5/2016 ARQUITECTOS DE GALICIA, o COAG en execución dos compromisos aceptados e incorporados á devandita Resolución procedeu en tempo e forma a:***

1. *Tomar coñecemento da resolución 9/2019 de 26 de decembro, do Pleno da Comisión Galega da competencia, na primeira Xunta de Goberno que se celebrou de forma inmediata posterior á data de recepción da Resolución, isto é, na sesión de Xunta de Goberno 1/2020, de 23 de xaneiro, onde, en execución da mesma, acordou:*
 - a) *PUBLICAR NA WEB COLEXIAL UNA MENCIÓN EXPLÍCITA Á RESOLUCIÓN DE TERMINACIÓN CONVENCIONAL DO EXPEDIENTE SANCIONADOR, NOS TERMOS EXPRESADOS NA RESOLUCIÓN 9/2019-ARQUITECTOS DE GALICIA, DE 26 DE DECEMBRO. ¹*
 - b) *INFORMAR AOS COLEXIADOS MEDIANTE CIRCULAR COLEXIAL QUE A ORIGINE DO EXPEDIENTE SANCIONADOR ATOPÁBASE NO MANTEMENTO, AÍNDA CO TEXTO RELATIVO Á SÚA NON VIXENCIA, DO CORRESPONDENTE ENLACE DA WEB, RECORDANDO A PROHIBICIÓN LEGAL DE QUE OS COLEXIOS ESTABLEZAN BAREMOS ORIENTATIVOS DE HONORARIOS, nos termos expresados na Resolución 9/2019- Arquitectos de Galicia, de 26 de decembro, do Pleno da Comisión Galega da Competencia ²*

¹ Con data 4 de febreiro de 2020 se procedeu a publicar na web colexial (<https://portal.coag.es>) unha mención explícita á resolución de terminación convencional do expediente sancionador, nos termos expresados na resolución.



c) *REMITIR PROBA DE CUMPRIMENTO Á COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA.*"

Segundo. - A Xunta de Goberno do COAG, na súa sesión 7/2020 de 4 de xuño, adoptou o seguinte Acordo:

"APROBAR O PRESUPOSTO APORTADO POLA EMPRESA MEGAMAIL CONSULTORES PARA A IMPLANTACIÓN DUN PROGRAMA DE CUMPLIMENTO NORMATIVO (PENAL E DE DEREITO DA COMPETENCIA) PARA CUMPLIR CO COMPROMISO PENDENTE DE "ELABORACIÓN DUN PROGRAMA DE CUMPRIMENTO EN MATERIA DE COMPETENCIA" PREVISTO NA RESOLUCIÓN DA COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA APROBANDO A TERMINACIÓN CONVENCIONAL DO EXPEDIENTE S 5/2016 ARQUITECTOS DE GALICIA ANTE A DENUNCIA PRESENTADA POLA MERCANTIL CONSTRUCCIONES CESANVI, S.L, CONTRA O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA POR PRESUNTAS PRÁCTICAS PROHIBIDAS POLA LEI 15/2007, DO 3 DE XULLO, DE DEFENSA DA COMPETENCIA (LDC) CONSISTENTES NA APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DUN "BAREMO DE MÍNIMOS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA". S.A., POLA POSIBLE EXISTENCIA DE PRÁCTICAS PROHIBIDAS."

En base ao dito acordo, a empresa seleccionada polo COAG formulou un cronograma de actuación. Dito programa desenvolveríase en tres fases co seguinte contido:

- PRIMEIRA (Elaboración do proxecto, Recollida de datos e presentación dun Borrador do programa);
- SEGUNDA (Análise da información, Elaboración do programa) e
- TERCEIRA (Redacción do programa, Elaboración do proxecto formativo e Entrega do programa de cumprimento).

Terceiro.- Con data 22 de decembro de 2020 procedeuse polo COAG á comunicación do acordo de aprobación do plan a todo o persoal e todos os directivos do COAG por correo electrónico, acompañando o texto íntegro do plan e material formativo, así como a publicar na web colexial <https://portal.coag.es> o

2 Con data 4 de febreiro de 2020 procedeuse a informar aos colexiados mediante unha circular colexial ([Circular 1/2020](#)) que a orixe do expediente sancionador atopábase no mantemento, aínda co texto relativo á súa non vixencia, do correspondente enlace da web, recordando a prohibición legal de que os colexios establezan baremos orientativos de honorarios, nos termos expresados na resolución.



texto íntegro do plan así como a información sobre a canle para presentación de denuncias en materia de competencia, no seguinte enlace:
<https://portal.coag.es/plan-de-compliance-en-materia-de-competencia>.

Cuarto. - Con data 23 de decembro de 2020, o COAG remite a Comisión Galega da Competencia certificación do programa de cumprimento e a súa difusión nos termos comprometidos.

Quinto. - Con data 1 de febreiro de 2021 elevouse por parte da Subdirección de Investigación Informe Final de Vixiancia ao Pleno da Comisión Galega da Competencia de acordo co artigo 41 da LDC e os artigos 42 e 71 do RDC, no que se indica que do análise precedente pode concluírse que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ten dado cumprimento de xeito satisfactorio aos compromisos exixidos para autorizar a terminación convencional polo Pleno da Comisión Galega da Competencia na súa Resolución 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA, do 26 de decembro de 2019.

III.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

PRIMERO. - Habilitación competencial.

O artigo 36.2 c) do Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos recoñece que a Subdirección Xeral de Investigación é a unidade competente para vixiar a execución e o cumprimento das resolucións e dos acordos adoptados en aplicación das competencias da Comisión Galega da Competencia.

O Artigo 33 do Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos, recolle as funcións do Pleno da CGC, en particular, o Pleno é o órgano competente para resolver, por proposta da Subdirección Xeral de Investigación, os procedementos sobre condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, de acordo coas previsións contidas no presente decreto, incluída a aplicación do sistema de clemencia dos artigos 65 e 66 da mesma lei e a súa normativa de desenvolvemento.

SEGUNDO. – Compromisos acordados.



Na Resolución 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA, do 26 de decembro de 2019 acordouse:

- a. PUBLICAR NA WEB COLEXIAL UNHA MENCIÓN EXPLÍCITA Á RESOLUCIÓN DE TERMINACIÓN CONVENCIONAL DO EXPEDIENTE SANCIONADOR, NOS TERMOS EXPRESADOS NA RESOLUCIÓN 9/2019-ARQUITECTOS DE GALICIA, DE 26 DE DECEMBRO compromiso conquirido coa publicación con data 4 de febreiro de 2020 na web colexial (<https://portal.coag.es>) unha mención explícita á resolución de terminación convencional do expediente sancionador, nos termos expresados na resolución.
- b. INFORMAR AOS COLEXIADOS MEDIANTE CIRCULAR COLEXIAL QUE A ORIXE DO EXPEDIENTE SANCIONADOR ATOPÁBASE NO MANTEMENTO, AÍNDA CO TEXTO RELATIVO Á SÚA NON VIXENCIA, DO CORRESPONDENTE ENLACE DA WEB, RECORDANDO A PROHIBICIÓN LEGAL DE QUE OS COLEXIOS ESTABLEZAN BAREMOS ORIENTATIVOS DE HONORARIOS, nos termos expresados na Resolución 9/2019- Arquitectos de Galicia, de 26 de decembro, do Pleno da Comisión Galega da Competencia. Compromiso conquirido con data 4 de febreiro de 2020 o proceder a informar aos colexiados mediante unha circular colexial (Circular 1 2020) que a orixe do expediente sancionador atopábase no mantemento, aínda co texto relativo á súa non vixencia, do correspondente enlace da web, recordando a prohibición legal de que os colexios establezan baremos orientativos de honorarios, nos termos expresados na resolución.
- c. IMPLANTACIÓN DUN PROGRAMA DE CUMPRIMENTO NORMATIVO presentando o COAG o plan de traballo, cronograma e actuación previstas dos mesmos.

TERCEIRO.- Da análise realizada pola Subdirección de Investigación e examinado por este Pleno pode concluírse que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ten dado cumprimento de xeito satisfactorio aos compromisos exigidos para autorizar a terminación convencional polo Pleno da Comisión Galega da Competencia na súa Resolución 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA, do 26 de decembro de 2019



E por isto polo que o Pleno da Comisión Galega da Competencia

RESOLVE

PRIMEIRO.- Considerar que o COAG deu cumprimento aos compromisos aprobados na resolución pronunciada polo Pleno da Comisión Galega da Competencia.

SEGUNDO. - Declarar o peche da vixilancia do cumprimento da Resolución 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA, do 26 de decembro de 2019.

Comúniqueselle esta resolución a Subdirección de Investigación e aos interesados no expediente, facendo saber que a mesma pon fin a vía administrativa e que poden interpor contra ela recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a notificación.